


RÍO LIMIA

(Adela Leiro, Mon Daporta)




NACEMENTO E FONTES	Monte Talariño (Sarreaus) a 975 m de altitude.
LONXITUDE	135 km (68 km en Galicia e 67 km en Portugal)
PERCORRIDO	Poboacións: Sarreaus, Xinzo de Limia, Ponte da Barca, Ponte de Lima, Viana do Castelo.
DESEMBOCADURA	Océano Atlántico (Viana do Castelo-Portugal)
CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES	Superficie: 1.328,8 km ² (Galicia) 2 370 km ² (Portugal). NORTE: monte do Poedo, serra do Monte Calvo, Coto da Fonte Santa, Serras do Leboreiro, A Peneda, Corno do Bico e Serra da Arga. SUR: Serras do Larouco, Xurés, Santa Eufemia, Amarela LESTE: Montes da Requeixada.
AFLUENTES DEREITA	Canle da Antela: construída para drenar a lagoa da Antela. Cadós: nace na serra do Leboreiro e xúntase co Limia no encoro das Cunchas. Grou ou dos Pedrouzos: nace na serra do Leboreiro e xúntase co Limia en Grou, no canón dos Infernos. Agro: nace na serra do Leboreiro e xúntase co Limia no encoro de Lindoso. Castro Leboreiro: nace en Portugal, na vertente oeste da serra do Laboreiro e durante parte do seu percorrido fai fronteira co concello de Entrimo. Xúntase co Limia no encoro de Lindoso. Adrão: nace na localidade de Adrão e percorre cerca de 8 quilómetros ata a confluencia co Limia. Vez: nace na serra de Soajo e ten un percorrido de 36 km.
AFLUENTES ESQUERDA	Trasmiras: nace na serra do Larouco e xúntase co Limia en Xinzo de Limia. Faramontaos: nace na serra do Larouco e xúntase co Limia en Xinzo de Limia. Nocedo: nace na serra de Gomariz e xúntase co Limia en Xinzo de Limia. Fírveda: nace na parroquia de Vila (Calvos de Randín). No concello de A Porqueira forma un pequeno cavorco con varias fervenzas. Salas: nace na serra da Pena e os seus principais afluentes son Barxa, Calvos, Mao, e Cabaleiros. Xúntase co Limia en Lobios. Lobios: nace do Pico da Nevosa (Xurés) e xúntase co Limia en Fondevila (Lobios). Caldo. Nace nos cumes do Xurés e xúntase co Limia nas proximidades de Lobios. O seu principal afluente é o Vilameá. Recibe o seu nome da surxencia de augas termais que se producen na mesma canle do río e que son aproveitadas con fins medicinais. Froufe: nace na Serra Amarela e xúntase co Limia no encoro de Touvedo. Vade: nace nas proximidade de Portela de Vade e xúntase co Limia en Ponte da Barca.
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	O Limia descende rápido desde o nacemento á depresión da Antela ou Da Limia por onde discorre mainamente para precipitarse á saída da mesma, en fortes pendentes ata entrar en Portugal, onde discorre por un val estreito. Na desembocadura forma un esteiro con amplas zonas de marismas. A depresión da Limia orixínouse pola relaxación posterior á Oroxénese Alpina na que se ergueron e afundiron grandes bloques aproveitando antigas fallas primarias. A zona deprimida está cuberta por un depósito aluvial do Cuaternario constituído por areas, arxilas, turba e lignito que acada nalgunhas zonas os 200 m de profundidade. A depresión estivo ocupada por unha lagoa que se desecou para aproveitamento agrícola no ano 1958. Nas cabeceiras do Vilameá (Caldo) hai un val glaciar.
CLIMA	Atlántico, con zonas de influencia mediterránea.
TIPO DE RÉXIME	Pluvial, con augas altas no inverno.
CAUDAL	28 m ³ /s
FLORA	A vexetación da beira do río é a típica das áreas húmidas. Nas beiras aparecen pequenos bosques de salgueiros, amieiras, sanguíños, bidueiros, freixos, érbedos e carballos. Nos prados que se asolagan, nas beiras da auga e no río hai xuncos, espadainas, lirios amarelos, ambroíños, ranúnculos, oucas, lentellas de auga, pe de boi ... Na serra do Xurés-Géres hai numerosas especies endémicas: lirio do Xurés (<i>Iris boissieri</i>), <i>Paradisea lusitanica</i> , <i>Echinopartium barnadesii dorsisericerum</i> (cumio da Serra de Santa Eufemia), <i>Centaurea aristata geresensis</i> , <i>Eryngium duriae juresianum</i> , <i>Festuca</i>

	<i>summilusitana, Minuartia recurva juressi, Ranunculus bupleuroides, Sedum pruinaum, Thymelaea broteriana, Anemone trifolia, Armeria humilis, Armeria alliacea sobinhoi, Ornithogalum concinnum, Phalacrocarpum oppositifolium, losos ou acereiros (Prunus lusitana), maceira brava (Amelanchier ovalis medicus)...</i>
FAUNA	<p>MAMÍFEROS: lontra, morcegos (<i>Rhinolophus eurygal, Myotis myotis, Barbastella barbastellus</i>).</p> <p>AVES: destaca a biodiversidade das chairas e pozas da Limia: crían o somorgullo pequeno (<i>Tachybaptus ruficollis</i>), a cegoña branca (<i>Ciconia ciconia</i>), o alavanco real, a galiña de río, a avefría (<i>Vanellus vanellus</i>), becacina cabra (<i>Gallinago gallinago</i>), cerceta real (<i>Anas crecca</i>), mazarico rabinegro (<i>Limosa limosa</i>), bilurico común (<i>Tringa totanus</i>) e pernileiro (<i>Burhinus oediconemus</i>). Pódense ver ademais: somorgullo cristado, garzas (pequena e real), garzota, cerceta areeira, pato cullerete, rascón de auga, pillara (real, dourada grande e areeira), biluricos (patirrubio, alinegro, bailón e patinegro), mazaricos (rabipinto, común e galego), cabra do aire, patuda, carrán (mouro e común), martiño peixeiro, curuxa das xunqueiras, anduriña das barreiras, lavandeiras, aguiá (peixeira, perdiceira e albela), peneireiro cincento, miñado (abelleiro, real e queimado), azor, gabián, gatafornela, falcón (peregrino e pequeno) ...</p> <p>RÉPTILES: cobra sapeira, escánceres, sapoconcho común...</p> <p>PEIXES: troitas, anguías, escalos, carpas (nos encoros)...</p> <p>ANFIBIOS: rás, salamántigas, limpafontes...</p> <p>E unha gran variedade de invertebrados.</p>
APROVEITAMENTO	<p>Subministro de auga para abastecemento de poboacións, regadío, industrias; produción de enerxía eléctrica, pesca, lecer...</p> <p>ENCOROS: As Cunchas, Salas (Río Salas), Lindoso, Touvedo... e varias minicentraís. En distintos puntos da beira do Limia e os seus afluentes hai surxencias termais que son aproveitadas en baños e balnearios (Bande, Lobios, Caldas de Gères).</p>
ESPAZOS PROTEXIDOS	<p>Parque Nacional "Peneda-Gerês"</p> <p>Parque Natural e LIC "Baixa Limia-Serra do Xurés".</p> <p>LICs "Veigas de Ponteliñares", "Río Lima", "Lagoas de Bentiados e San Pedro de Arcos", "Brañas de Golpellás", "Brañas do río Calvos", "Veigas do río Salas" (estas tres última pendentes de aprobación).</p> <p>ZEPA "A Limia".</p>
DATOS HISTÓRICOS	<p>O val do Limia estivo poboado desde tempos moi antigos como atestiguan os menhires, as mámoas e os castros. Pola Limia e polo Xurés pasaba unha vía romana e nas beiras do río consérvanse vilas termais e acampamentos. Na lagoa da Antela descubríronse poboados palafíticos con achádegos de puntas de frecha datadas no 2600-2500 a.C. En toda a zona consérvase un rico patrimonio histórico artístico e etnográfico de distintas épocas.</p>
TRADICIÓNS-LENDAS	<p>O RÍO DO ESQUECEMENTO</p> <p>O mito clásico do río Leteo no que as almas dos mortos bebían o esquecemento á entrada dos felices Campos Elíseos localízase en Galicia no río Limia. Na antigüidade extendeuse a crenza de que aquel que se atrevese a vadealo perdería a memoria. O historiador romano Tito Livio dinos que cando Décimo Xuño Bruto chegou coas súas tropas ao Limia non se atrevían a cruzalo por medo a perder a memoria, e que tivo que ser o propio Décimo Xuño Bruto o que o vadeu primeiro, e logo foi chamando aos xefes das súas centurias, para que visen que non perdera a memoria.</p>
CURIOSIDADES	<p>Na depresión da Limia atopábase a lagoa máis grande de España con 9 km de longo, 5 de ancho e 3 m de profundidade, uns 40 km² de superficie, e unha enorme riqueza biolóxica. Foi desecada polo IRYDA en 1958 para aproveitar o espazo como terreo agrícola. Na actualidade so quedan a canle de desecación e algúns encharcamentos estacionais. Hai grandes pozas artificiais moi profundas producidas polas explotacións areeiras. Arredor exténdense amplos campos de patacas e cereais.</p>
PROBLEMAS	<p>Alteración de ecosistemas (desecación, encoros, obras...), especies invasoras, contaminación...</p>

RÍO LIMIA

NACEMENTO: monte Talariño (Requeixada)



DESEMBOCADURA: Océano Atlántico